

**A C T A 3/2023**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 1 DE MARZO DE 2023 -**

Na Casa do Concello, a un de marzo de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez  
D. José Antonio Garea Gil  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D.<sup>a</sup> Mayte Argibay da Silva  
D. José Manuel Elías Noya  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

**Non asiste, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 28/09/2022
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 66/23 Á RES 237/23)
- 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRA DE DNA. PATRICIA CASTELAO
- 4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS DE 14.02.263 (RES 198/23)
- 5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS SOCIAL DE 14.02.2023(RES 197/23)
- 6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA DE RENOVACIÓN DO CONCELLO DE TEO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO – REC 01/23
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA LIQUIDACIÓN DA OBRA “CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS” – REC 03/23
- 9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE, DE REXEITAMENTO DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS ABANDONADOS NA PARCELA DA CASA COMÚN DE LUCÍ
- 10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG, DE OPOSICIÓN Á INSTALACIÓN DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE COCHES NA CONTORNA DA CASA COMÚN DE LUCÍ, E REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ESPARCIMENTO NA MESMA

**11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DAS RUTAS ESCOLARES EN TEO POR PARTE DA XUNTA E DE MONBÚS**

**12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE O IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALIZA**

**13.- MOCIÓNS**

**14.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde aclara que pese á data de celebración, o Pleno é o correspondente ao mes de febreiro que, por acordo entre todos os grupos municipais, retrasouse uns días.

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 28/09/2022.**

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 66/23 Á RES 237/23).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de xaneiro ata o 23 de febreiro de 2023, que comprenden os números 66 ao 237, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación no expediente de convocatoria do Pleno.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRA DE DNA. PATRICIA CASTELAO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 24 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE DNA. PATRICIA CASTELAO FERREIRO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN**

Visto o escrito asinado por Dona Patricia Castelao Ferreiro, membro do grupo municipal do BNG, de data 24 de febreiro de 2023 (registro de entrada núm. 810), solicitando que se faga efectiva a renuncia á súa acta de concelleira da Corporación local.

Considerando que segundo o disposto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, cando se presente escrito de renuncia do cargo de concelleira, o Pleno da entidade local da que forme parte tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesma, en orde ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral.

En virtude do exposto e considerando o establecido na instrución citada e na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 24 de febreiro de 2023 (registro de entrada núm. 810) por Dona Patricia Castelao Ferreiro.

**Segundo.-** De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Don Carlos Cebey Olveira.

Teo, 24 de febreiro de 2023.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

Preguntado polo sr. alcalde se alguén quere facer uso da palabra, a portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez, sinala que, en nome do BNG, lle gustaría agradecer a Patricia todo o esforzo e o traballo que fixo durante este tempo. Quere salientar a sra. Dieguez que Patricia foi a primeira muller que actuou como portavoz do BNG en Teo, engadindo que lle desexan moita sorte.

O sr. alcalde di que cree que todos se suman a este recoñecemento e que publicamente llo fai en nome de toda a Corporación.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 24 de febreiro de 2023 (registro de entrada núm. 810) por Dona Patricia Castelao Ferreiro.

**Segundo.-** De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Don Carlos Cebey Olveira.

#### **4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS DE 14.02.263 (RES 198/23).**

O sr. alcalde explica que o asunto incluído neste punto da orde do día, ao igual que os asuntos dos dous puntos seguintes, 5 e 6, aínda que se comentaron, non foron ditaminados pola Comisión Informativa correspondente, polo que resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día do Pleno.

Salienta o sr. alcalde que a necesidade de incorporar este punto e o seguinte na orde do día do Pleno xustifícase pola necesidade de remitilo á Deputación de forma inmediata para non retrasar a tramitación dos Plans Provinciais.

**Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde da conta da proposición de 23 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

#### **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA**

##### **Ratificación Decreto da Alcaldía Corrección erros aritméticos POS+2023**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 09.02.2023 acordou Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña.

Considerando que se detectaron uns erros aritméticos, e que, dada a proximidade da finalización do prazo de presentación de solicitudes, estes foron corrixidos pola Resolución da Alcaldía núm. 198/23 do 14 de febreiro de 2023, debendo ser esta ratificada na vindeira sesión ordinaria que o Pleno celebre,

Consecuentemente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 198/23) de corrección de erros aritméticos do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña.

**Segundo.**- Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 23 de febreiro de 2023

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

Preguntado polo sr. alcalde, as/os portavoces non fan uso das súas respectivas quendas.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 198/23) de corrección de erros aritméticos do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña.**

**Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.**

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS ARITMÉTICOS POS+2023**  
**EXPEDIENTE: 2023/G003/000202**

Considerando que, tratándose do *PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)* “POS+2023”, o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 9 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:*

*A) Financiamento de gastos correntes:*

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	<i>331.304,04</i>
<i>Subtotal gasto corrente</i>	<i>331.304,04</i>

*B ) Financiamento de investimentos:*

<i>ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)</i>	<i>Financiamento do investimento</i>				
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			<i>Orzamento total</i>
		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible</i>	<i>Total Concello</i>	
<i>Denominación da obra ou subministración</i>					
<i>AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN MAZAS. CONCELLO DE TEO</i>	<i>58.225,55</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>	<i>58.225,55</i>
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2023</i>	<i>58.225,55</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>	<i>58.225,55</i>
<i>ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)</i>	<i>Financiamento do investimento</i>				
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			<i>Orzamento total</i>
		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible</i>	<i>Total Concello</i>	



AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR DE CALO-SAN DOMINGO.. CONCELLO DE TEO	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
Subtotal investimentos achega provincial 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	331.304,04	0,00	0,00	0,00	331.304,04
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
C-TOTAL	Achega 2023	389.529,59	0,00	0,00	0,00	389.529,59
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
	TOTAL	688.199,25	19.446,41	0,00	19.446,41	688.199,25

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
--	--------------------	-------------------------	--------------------------

ACTUACIÓN DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	171.348,10	0,00	171.348,10
TOTAIS	734.397,80	5.379,64	734.397,80

Terceiro .- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.”.

Á vista de que foron detectados uns erros aritméticos nos resultados do orzamento total, no caso do POS+ 2023, e no orzamento subvencionable, no caso POS+ Complementario 2023, que é preciso corrixir.

Así, onde di, referente ao POS+ 2023:

“C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	331.304,04	0,00	0,00	0,00	331.304,04
	Achega 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
C-TOTAL	Achega 2023	389.529,59	0,00	0,00	0,00	389.529,59
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
	TOTAL	688.199,25	19.446,41	0,00	19.446,41	<b>688.199,25</b>

“, debe dicir:

“C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	331.304,04	0,00	0,00	0,00	331.304,04
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
C-TOTAL	Achega 2023	389.529,59	0,00	0,00	0,00	389.529,59
	Achega 2022	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07
	TOTAL	688.199,25	19.446,41	0,00	19.446,41	<b>707.645,66</b>

“

E onde di, referente ao POS+ Complementario 2023:

**“Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89

<i>PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA</i>	<i>171.348,10</i>	<i>0,00</i>	<i>171.348,10</i>
<b>TOTAIS</b>	<b>734.397,80</b>	<b>5.379,64</b>	<b>734.397,80</b>

“ , debe dicir:

**“Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

<i>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</i>	<i>Orzamento contrata</i>	<i>IVE soportado deducible</i>	<i>Orzamento subvencionable</i>
<i>ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA</i>	<i>198.262,71</i>	<i>2.280,44</i>	<i>195.982,27</i>
<i>REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.</i>	<i>394.525,09</i>	<i>3.099,20</i>	<i>391.425,89</i>
<i>PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA</i>	<i>171.348,10</i>	<i>0,00</i>	<i>171.348,10</i>
<b>TOTAIS</b>	<b>764.135,90</b>	<b>5.379,64</b>	<b>758.756,26</b>

“.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia

*dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.*

Considerando que neste suposto trátase de rectificar uns erros aritméticos no acordo plenario do 9 de febreiro de 2023, concretamente no que respecta ás contías do mesmo.

Considerando que resulta preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, co fin de presentar correctamente a solicitude desta subvención, cuxo prazo remata no día da data, 14 de febreiro de 2023, sen prexuízo da ulterior ratificación plenaria.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO**.- Corrixir no acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 9 de febreiro de 2023, os erros aritméticos descritos, quedando o citado acordo redactado conforme se recolle a continuación:

**“ Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:**

**A) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	331.304,04
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>331.304,04</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2023</b> <b>(Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>				
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamen- -to total</b>
		<b>Achega municipa l</b>	<b>IVE soportado deducible</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN MAZAS. CONCELLO DE TEO</b>	<b>58.225,55</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>58.225,55</b>
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	<b>58.225,55</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>58.225,55</b>
<b>ACHEGA PROVINCIAL 2022</b> <b>(Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>				
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>AFIRMADO E ACONDICIONAMENT O DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR DE CALO-SAN DOMINGO.. CONCELLO DE TEO</b>	<b>298.669,66</b>	<b>19.446,41</b>	<b>0,00</b>	<b>19.446,41</b>	<b>318.116,07</b>

<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>298.669,66</b>	<b>19.446,41</b>	<b>0,00</b>	<b>19.446,41</b>	<b>318.116,07</b>
--	-------------------	------------------	-------------	------------------	-------------------

**Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.**

**C) Resumo:**

<b>POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
			<b>Concello</b>	<b>IVE soportado deducible</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2023</b>	<b>331.304,04</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>331.304,04</b>
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2023</b>	<b>58.225,55</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>58.225,55</b>
	<b>Achega 2022</b>	<b>298.669,66</b>	<b>19.446,41</b>	<b>0,00</b>	<b>19.446,41</b>	<b>318.116,07</b>
<b>C-TOTAL</b>	<b>Achega 2023</b>	<b>389.529,59</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>389.529,59</b>
	<b>Achega 2022</b>	<b>298.669,66</b>	<b>19.446,41</b>	<b>0,00</b>	<b>19.446,41</b>	<b>318.116,07</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>688.199,25</b>	<b>19.446,41</b>	<b>0,00</b>	<b>19.446,41</b>	<b>707.645,66</b>

**Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b>	<b>Orzamento contrata</b>	<b>IVE soportado deducible</b>	<b>Orzamento subvencionable</b>
---	---------------------------	--------------------------------	---------------------------------



ACTUACIÓN DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	171.348,10	0,00	171.348,10
<b>TOTAIS</b>	<b>764.135,90</b>	<b>5.379,64</b>	<b>758.756,26</b>

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Octavo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.”.

**SEGUNDO.-** Remitir a presente á Deputación Provincial da Coruña para a súa toma en consideración no expediente de solicitude do POS+ 2023.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación”.

## **5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS SOCIAL DE 14.02.2023 (RES 197/23).**

O sr. alcalde sinala que neste caso resulta así mesmo preciso ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

**Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde da conta da proposición de 23 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

### **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA**

**Ratificación Decreto da Alcaldía Corrección erro material Acordo plenario POS+ADICIONAL para gastos sociais 2023**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 09.02.2023 acordou Participar no *Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.*

Considerando que se detectou erro material en dito Acordo, e que, dada a proximidade da finalización do prazo de presentación de solicitudes, este foi corrixido pola Resolución da Alcaldía núm. 197/23 do 14 de febreiro de 2023, debendo ser esta ratificada na vindeira sesión ordinaria que o Pleno celebre,

Consecuentemente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 197/23) de corrección de erro material do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.***

**Segundo.**- Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 23 de febreiro de 2023

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que na proposta anterior incorporouse o informe de intervención, na medida en que a redacción era enganosa, e hai que corrixilo, porén as contías no varían, incorporándose dúas cantidades que son o desglose da cantidade total, é dicir 113.612,80 €, que é a suma de 71.980,45 € e 41.632,35 €.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do BNG, sra. Diéguez, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1BNG), acorda:**

**Primeiro.-** Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 197/23) de corrección de erro material do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no *Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.*

**Segundo.-** Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** CORRECCIÓN ERRO MATERIAL ACORDO PLENARIO POS+ADICIONAL PARA GASTOS SOCIAIS 2023

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000201

Considerando que, en relación co POS+adicional1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, o Pleno do Concello de Teo, na sesión extraordinaria do 9 de febreiro de 2023, adoptou o acordo que se reproduce a continuación, conforme ao orzamento recollido no informe da intervención municipal que seguía o modelo do anexo XVI da convocatoria desta axuda.

***“Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación***

<b><i>Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2023</i></b>	<b>113.612,80€</b>
--	--------------------



*Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación  
ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios*

113.612,80€

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2023</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>
<i>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</i>	992.496,06	723.136,20	269.359,86
<i>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</i>	41.632,35	0,00	41.632,35
<b>TOTAL</b>	<b>1.034.128,41</b>	<b>723.136,20</b>	<b>310.992,21</b>

**Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.**

Considerando que o cadro resumo do orzamento que foi aprobado na referida sesión non se corresponde con exactitude co modelo da Deputación para o certificado do acordo plenario (anexo XV), no cal se debe apreciar o desglose do orzamento no que respecta ao apartado “Estimación do gasto a financiar polo concello”, incorporando unha columna D “Previsión do importe a imputar ao POS+adicional 2023” e E “Outros recursos propios do Concello”.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que *“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no acordo plenario do 9 de febreiro de 2023, concretamente no que respecta á incorporación dunha maior desagregación da información relativa aos gastos que financiará o Concello, permitindo coñecer a previsión de distribución do recursos procedentes do POS social entre os dous tipos de gastos sociais correntes para os que se solicita.

Considerando que resulta preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, co fin de presentar correctamente a solicitude desta subvención, cuxo prazo remata no día da data, 14 de febreiro de 2023, sen prexuízo da ulterior ratificación plenaria.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO**.- Corrixir o erro material detectado no acordo plenario do 9 de febreiro de 2023, en relación á información incorporada na táboa explicativa dos gastos sociais extraordinarios previstos para o ano 2023 aos que se destinará o financiamento do POS+adicional, quedando o citado acordo plenario redactado conforme se detalla a continuación:

**Primeiro**.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ADICIONAL 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2023	113.612,80€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	113.612,80€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	A	B	C=A-B	D	E=C-D
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.  O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	992.496,06	723.136,20	269.359,86	71.980,45	197.379,41
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	41.632,35	0,00	41.632,35	41.632,35	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>1.034.128,41</b>	<b>723.136,20</b>	<b>310.992,21</b>	<b>113.612,80</b>	<b>197.379,41</b>

	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
--	--------------------------	---	---	---	-------------------------------------

		PRIVADOS	FINANCIAR POLO CONCELLO	AO POS+ ADICIONAL	CONCELLO
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023</b>	<b>1.034.128,41</b>	<b>723.136,20</b>	<b>310.992,21</b>	<b>113.612,80</b>	<b>197.379,41</b>

<b>I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES</b>	<b>113.612,80 €</b>
<b>II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnicos asistencial para cesión (i)</b>	<b>0,00 €</b>
<b>III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamentos para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL (I+II+III)</b>	<b>113.612,80 €</b>

**Segundo.**- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

**SEGUNDO.**- Remitir a presente á Deputación Provincial da Coruña para a súa toma en consideración no expediente de solicitude do POS+adicional para gastos sociais extraordinarios 2023.

**TERCEIRO.**- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación”.

## **6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA DE RENOVACIÓN DO CONCELLO DE TEO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA.**

Ao tratarse dun asunto non ditaminado previamente pola Comisión Informativa correspondente, resulta preciso ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.



O sr. Igrexas da conta da proposta da Alcaldía, de 23 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

#### “PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación da presentación da renovación da candidatura do Concello de Teo como Cidade Amiga da Infancia

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A iniciativa *Cidades Amigas da Infancia*, liderada por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), ratificada polo noso país en 1990, no ámbito dos Gobernos Locais.

*Cidades Amigas da Infancia* ten como visión que todo neno, nena e adolescente goce da súa infancia e adolescencia e desenvolva todo o seu potencial a través da realización igualitaria dos seus dereitos nas súas cidades e comunidades. Co fin de facer realidade esta visión, os gobernos locais e os seus socios identifican as súas metas (resultados) nas cinco esferas de obxectivos xerais, que recollen os dereitos contidos na Convención sobre os Dereitos do Neno. Desta forma unha cidade ou concello conta cunha gobernanza amiga da infancia, ao traballar para alcanzar estes obxectivos:

Cada neno, nena e adolescente é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades;

As voces, necesidades e prioridades de cada neno e nena escóitanse e considéranse nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan;

Todos os nenos e nenas teñen acceso a servizos esenciais de calidade;

Todos os nenos e nenas viven en contornas seguras e limpas;

Todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de gozar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario UAM-UNICEF de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA) e UNICEF Comité Español.

A través do Recoñecemento *Cidade Amiga da Infancia*, UNICEF Comité Español destaca a aqueles gobernos locais comprometidos cos cinco obxectivos de dereitos anteriores, que aplican a nivel local un modelo de xestión desde un enfoque de dereitos do neno, e que o fan baixo un sistema de gobernanza que favoreza a coordinación

interna e externa, que promova e xere mecanismos reais de participación infantil e adolescente e que conte cunha estratexia a longo prazo para incorporar á infancia e adolescencia no centro das políticas e accións impulsadas desde os gobernos locais.

O concello de Teo obtivo o recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia con data 25 de outubro de 2018 para o período 2018-2022, comprometéndose mediante a sinatura dun convenio de colaboración con UNICEF Comité Español con data 19 de febreiro de 2019 no cumprimento dos compromisos adquiridos.

Considerando que o camiño iniciado ten contribuído de xeito moi satisfactorio a mellora dos dereitos da infancia e adolescencia no noso concello, e tamén que o enfoque de dereitos na política local beneficia tamén ao resto de cidadanía, considerando, ademais, que o noso municipio cumpre cos requisitos estipulados nas bases da convocatoria aberta por UNICEF Comité Español; e manifestando a nosa vontade de seguir contribuíndo activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno na nosa localidade, e que nesta renovación deberán estar alinados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030:

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno do concello de Teo o seguinte ACORDO:

Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar os trámites para a renovación do Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia; así como contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

En Teo a 23 de febreiro de 2023

Asdo. Rafael C. Sisto Edreira

Alcalde do Concello de Teo”

Preguntado polo sr. alcalde, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, non fai uso da súa quenda de intervención.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

**Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar os trámites para a renovación do Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia; así como contar co seu**

**posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.**

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO – REC 01/23.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 10 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 23 de febreiro de 2023.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Aprobación de Recoñecemento extraxudicial de crédito**

Na sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada o 23 de febreiro de 2022 aprobouse un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) orixinado, fundamentalmente, pola irregular distribución anual da facturación eléctrica e pola suba dos prezos enerxéticos, o que supuxo acumular nun mesmo exercicio mensualidades que non se correspondían co exercicio.

O citado REC tivo que asumirse con cargo ao orzamento de 2022 e, consecuentemente, ao non estar prevista a asunción dese REC, detraéronse recursos correspondentes ao exercicio 2022 que provocaron, a final de ano, unha nova falta de recursos orzamentarios. Esta situación recorrente e previsble, agravouse dunha forma brutal co incremento incontrolado do prezo aplicado ao consumo eléctrico ao longo do ano 2022. Así, se facturación eléctrica no exercicio 2021 foi de **721.984,26€**, no ano 2022 incrementouse en 813.144,84€ ata acadar a cantidade de **1.535.129,10€**.

Así, a confluencia destes dous factores provocou que non se puidese facer fronte ao pago de 1.012.978,41€, todos eles correspondentes á facturación eléctrica.

Considerando que se trata de actuacións efectivamente executadas e que, polo tanto, a falta de aprobación e pago destes gastos suporía o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando así mesmo que si a Administración Pública incrementou o seu patrimonio polo subministro recibido, non pode alegar causas de nulidade para evitar a xusta contraprestación das empresas eléctricas que efectuaron a prestación.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado

por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) das facturas que se relacionan no Anexo por importe de 1.012.978,41€, que se desglosan do seguinte xeito:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
920/221.00	Enerxía eléctrica	10.628,57
340/221.00	Enerxía eléctrica	23.925,77
320/221.00	Enerxía eléctrica	41.135,20
165/221.00	Enerxía eléctrica	219.193,59
161/221.00	Enerxía eléctrica	503.035,79
160/221.00	Enerxía eléctrica	216.059,49
	<b>TOTAL</b>	<b>1.012.978,41€"</b>

O sr. alcalde sinala que como se explicou no seu día nas Comisións Informativas este recoñecemento extraxudicial vén derivado de dous factores fundamentais, dun recoñecemento que se aprobou en xaneiro do ano pasado e que consumiu crédito no orzamento por aproximadamente 300.000 € ou 400.00 €, a pesar de que para ir diminuindo ese recoñecemento encadenado se incorporaron entre 100.000 e 150.000 €, porén o orzamento para gasto eléctrico quedou no ridículo porque a facturación do 20/21 foi de 721.984,26 € e no ano 20/22 foi de 1.535.129,10 €. É dicir, incrementouse en 813.144,84 €, o cal é máis do 100% do que se viña pagando de enerxía eléctrica.

Considera o sr. alcalde que isto é unha auténtica salvaxada, resultando difícil xustificar que unha empresa eléctrica teña que recibir este incremento de capital cando a produción da enerxía eléctrica non supuxo para eles este custe, nin moitísimo menos, pero non queda outro remedio.

Salienta o sr. alcalde que, unha vez aprobado o REC, haberá que negociar un plan de pagamento para ir facendo fronte a esta situación.

Explica o sr. alcalde que o agravamento que existe, e que xa comentou tamén no seu día, é que é unha situación que se pode perpetuar e que pode ser moi gravosa para o Concello, que hai que ter en conta que máis alá do alumado público, que se reduciu coa instalación do LED, de aproximadamente uns 300.000 € a uns 200.000 €, foi unha redución moi importante, pero ao incrementarse máis do 100% esa redución quedou en nada. Salienta que o granproblema que hai tamén é que o Concello dispón dun sistema de saneamento e abastecemento baseado en bombeos, e facer a captación no Ulla, bombeala ata a ETAP, dende alí bombeala ao alto do Rialdomato para a distribución a todo o concello e con bombeos intermedios, supón un custo enerxético brutal.

Explica que todo o saneamento da zona de Cacheiras, que no seu momento se ten falado do dos Verxeis, que era unha condución de saneamento que inicialmente ía por gravidade e ó final a Xunta cando fixo a obra estableceu tres bombeos, tamén está axudando a rematar coas capacidades de pagamento eléctrico.

Considera o sr. alcalde que, se ben o do saneamento pode ter unha solución, o cal xa se tratou varias veces con Augas de Galicia, que é a volta ao proxecto orixinal, para volver a facer que iso sexa unha condución por gravidade, o do abastecemento, que é o principal custe eléctrico do Concello, ten moi difícil solución, ou non a ten na práctica, porque cambiar todo o sistema de distribución e almacenaxe sería un custe máis alto.

Salienta o sr. alcalde que por iso é polo que se presenta este REC, amosando a preocupación do que poida pasar no futuro e de que algo haberá que facer, máis alá de aumentar a produción de enerxías renovables para solventalo.

A portavoz do grupo municipal do BNG, sra. Diéguez, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas.

Intervén o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, ao considerar, como sempre din, que as débedas hai que asumilas e pagalas, engadindo que, aínda que era previsible, non era exactamente tan previsible. Dirixíndose ao sr. alcalde a sra. Calvo pregúntalle se falou coa FEGAMP para acollerse a algún plan.

O sr. alcalde responde que como a FEGAMP tamén se renova coas eleccións municipais, así que pasen ditas eleccións, nesa primeira reunión que se celebre de todos os alcaldes electos, será onde se enfoquen todos estes problemas.

Sinala que, en todo caso, mandarase unha comunicación para ver se hai algunha posibilidade con algún dos plans existentes.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con 12 votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 1 BNG) e catros abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:**

**Primeiro.- Atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) das facturas que se relacionan no Anexo por importe de 1.012.978,41€, que se desglosan do seguinte xeito:**

<b>PARTIDA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
920/221.00	Enerxía eléctrica	10.628,57
340/221.00	Enerxía eléctrica	23.925,77
320/221.00	Enerxía eléctrica	41.135,20
165/221.00	Enerxía eléctrica	219.193,59
161/221.00	Enerxía eléctrica	503.035,79
160/221.00	Enerxía eléctrica	216.059,49
	<b>TOTAL</b>	<b>1.012.978,41€</b>

**Incorpórase como ANEXO I á presente acta o anexo das facturas do REC.**

## **8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA LIQUIDACIÓN DA OBRA “CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS” – REC 03/23.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 23 de febreiro de 2023.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Na orzamento do ano 2021 figuraba a partida 134/61901 consignando 3.659.357,70€ para o Plan FEDER\_POCS 2014-2020 que incluía as obras do IDAE, entre ela a de “Camiños escolares seguros no contorno da Igrexa – Calo” por un importe de 591.015,59 €, adxudicada finalmente por 351.794,98€.

A obra non se completou durante o exercicio 2021 polo que, trala aprobación dos orzamentos de 2022, fíxose por Intervención unha incorporación de remanentes de crédito para cubrir, exclusivamente, as certificacións pendentes de pago segundo o importe de adxudicación.

Con posterioridade, a dirección da obra asina unha certificación de liquidación pola obra efectivamente realizadas aténdose aos prezos de orzamento e proxecto coas medicións exactas, que excedían as contempladas no proxecto. O importe desta liquidación é de 34.994,34€ que, obviamente, ao incorporarse o remanente só polas medicións de proxecto, non estaban contempladas orzamentariamente.

Considerando que se trata de actuacións efectivamente executadas e que, polo tanto, a falta de aprobación e pago destes gastos suporía o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando así mesmo que si a Administración Pública incrementou o seu patrimonio polo subministro recibido, non pode alegar causas de nulidade para evitar a xusta contraprestación da empresa que efectuou a prestación.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte:

### **ACORDO**

**Primeiro.**- Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e aprobar e recoñecer as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) da factura nº 53 emitida por “Mecano Obras y reformas, SL”, o 10/08/2022, por importe de 34.994,34€, co concepto “Certificación liquidación camiños escolares seguros no contorno da Igrexa-Calo”, con cargo á partida 134/61900

O sr. alcalde explica que como comentou no seu momento esta obra tiña un custe de 591.000 € e foi adxudicada por 351.000 €, cunha baixa moi importante. Non se executou no ano que se fixo a reserva de crédito, porque son obras longas que teñen un período de execución longo, e ao pasar ao exercicio seguinte a prórroga do crédito fíxose polo importe da adxudicación, non polo importe inicial. Iso leva o problema de que se ao final hai algún defecto nas medicións ou exactamente as medicións da obra non se axustan por algún concepto ás realmente postas no proxecto, iso hai que pagalo ao prezo estipulado no proxecto. Explica o sr. alcalde que se trata dunha práctica habitual aínda que é certo que o Concello de Teo moi raras veces ten que pagar estas liquidacións porque é algo que se mira moito, pero a magnitude destas obras ás veces por poucas cousas que sexan, por pouca desviación que haxa, ao ser moi importante a obra, leva a estes pequenos desaxustes que están certificados polo arquitecto municipal, pola dirección da obra contratada ao efecto e por toda a aquela persoa que tiña algo que dicir na obra, é dicir, que non hai ningunha dúbida de que a medición correcta é a que provoca este REC.



Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do grupo municipal BNG, sra. Diéguez, e a portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das respectivas quendas.

Intervén o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que polo mesmo principio de que os provedores teñen que cobrar e non pagar os pratos rotos, é xustificable, polo que apoiarán a proposta, engadindo que, aínda que hai que atinar un pouco máis, ás veces pasan estas cousas.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con 12 votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 1 BNG) e catros abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:**

**Primeiro.- Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e aprobar e recoñecer as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) da factura nº 53 emitida por “Mecano Obras y reformas, SL”, o 10/08/2022, por importe de 34.994,34€, co concepto “Certificación liquidación camiños escolares seguros no contorno da Igrexa-Calo”, con cargo á partida 134/61900**

Sendo as vinte horas e vinte e un minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.

## **9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE, DE REXEITAMENTO DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS ABANDONADOS NA PARCELA DA CASA COMÚN DE LUCÍ.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo de 15 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 202399900000586, de 15/02/2022), que se recolle a continuación, ditaminada

favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de febreiro de 2023.

## **“MOCIÓN DE REXEITAMENTO DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS ABANDONADOS NA PARCELA DA CASA COMÚN DE LUCÍ**

O PSOE de Teo solicitou en tres ocasións, Rexistro de entrada de 31/10/2022, RE 202299900002805; 12/12/2022, RE 202299900003232 e 30/01/2023, RE 202399900000392, información sobre a obra que se realizou desde outubro do ano pasado na parcela da Casa Común de Lucí: finalidade e orzamento.

Finalmente, o 3 de febreiro, recibimos resposta do concelleiro Ignacio Iglesias Villar, no que indica que *“que a obra sinalada ten un orzamento de 10.280 euros e o fin da mesma é habilitar o espazo para aparcamento para usos municipais”*.

Polo tanto, neste escrito, nin nas novas de prensa posteriores, non se aclara polo goberno municipal se dita obra vai ser destinada a un depósito de vehículos abandonados.

Dita posibilidade é rexeitada pola propia veciñanza da zona, ante as previsibles molestias que este vertedoiro podan causar (aceites, ratos,...): lembremos que son vehículos que van ser considerados como chatarra.

Unha parcela de equipamento dotacional en solo urbano consolidado non parece o sitio axeitado nin desde un punto de vista social nin urbanístico para o depósito de todos os vehículos abandonados que se recollen en Teo.

Polo tanto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo, solicita o seguinte:

### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Amosar o rexeitamento ante a posible instalación dun depósito municipal de vehículos abandonados na Casa común de Lucí.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Municipal ao destino da parcela da Casa Común de Lucí ao uso socio-cultural, de conformidade co PXOM de Teo, para o desfrute da veciñanza da zona, e escoitando as súas propostas de mellora e acondicionamento”

A sra. Lemus sinala que esta moción responde á existencia dunhas obras que se realizaron en outubro do ano pasado na Casa Común de Lucí, na parte exterior. Nese momento pediron información ao goberno municipal sobre esas obras, o obxectivo e o orzamento, petición realizada por primeira vez o 31 de xaneiro de 2022 e que foi reiterada o 12 de decembro de 2022 e o 30 de xaneiro de 2023. A resposta foi recibida o 3 de febreiro de 2023, sinalando que a obra ten un orzamento de 10.280 € e que o fin da mesma é habilitar o espazo para aparcamento para usos municipais.

Explica a sra. Lemus que en dito escrito, nin nas novas de prensa posteriores que aparecen, non se aclara polo goberno municipal se a obra vai ser para un depósito de vehículos abandonados, cousa que despois si que se fai, despois dunha manifestación veciñal, na que a propia veciñanza amosaba o rexeitamento, e hai unha reunión entre o alcalde, a concelleira sra. López, non estando o concelleiro sr. Igrexas, e chegan a un acordo e o goberno comprométese a que ese aparcamento non sexa para o depósito de vehículos abandonados.

Explica a sra. Lemus que esta posibilidade é rexeitada claramente por toda a veciñanza e pensa que por todos os grupos da oposición.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que non só van apoiar a moción senón que de feito presentaron outra moi similar polo menos en canto aos acordos. Manifesta que non lles parece de recibo que se instale aí un depósito de vehículos e tamén pensan que esas parcelas deben de estar destinadas a outros usos. Explica que no momento de defender a moción que presentou o seu grupo falará algo máis pero por suposto apoiarán esta.

Intervén o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo opina que se está novamente así por non ter comunicación coa veciñanza, porque de ter falado con eles iso non se levaría a cabo. Sinala que é certo que xa non se vai a facer, pero tamén o é que está cimentado e está pechado e de falar con eles evitaríase todo isto.

Sinala a sra. Calvo que non é a mellor localización, non só polo feísmo, que iso sería case o mal menor, senon tamén porque se pode desatar unha praga incontrolada, con vehículos abandonados, roubos, etc..

Salienta a sra. Calvo que o seu grupo non ía aceptar baixo ningún concepto que se fixese iso alí, polos motivos que expón. Sinala que non tiñan constancia oficial desta obra, por iso tampouco presentaran moción algunha, e agora simplemente queren saber que se vai a facer alí.

O sr. alcalde di que o sr. Igrexas non estivo porque el foi o encargado da execución da obra, pero non foi unha iniciativa súa, non foi o promotor da mesma.

Sinala que a verdade é que se preparou o terreo para ser un aparcadoiro municipal que incorporaría dende vehículos normais de uso ata vehículos retirados da rúa, para o seu posterior tratamento como residuo, tanto é así que unha das persoas afectadas achegouse hai dous ou tres meses ao Concello e explicóuselle a situación, que evidentemente non é un depósito de vehículos no sentido dun desguace, é para que, unha vez que se retira un vehículo da rúa para o seu tratamento como residuo, como é responsabilidade municipal, ten que estar nun sitio controlado no que non pode sufrir desgastes mentres pasan eses dous meses que ten que estar nos que se fai a localización, convocatoria, e se non aparece o titular, a publicación no BOP para o seu posterior pase ao desguace. Salienta o sr. alcalde que sempre sería unha situación transitoria, debidamente habilitada. Di que tamén son conscientes de que non pode ser

unha situación estética aceptable, e estaría protexida a zona cun tapete vexetal, pero é certo que, como lle comentou á veciñanza que reclamou a reunión, que realmente se achegaron a depositar sinaturas e pedíuselles que se achegaran ata á oficina, entón vólvese ao punto de partida. Sinala que tampouco teñen interese en montar unha guerra veciñal, o único que hai é un problema serio, para o goberno e para o goberno que veña, sexa quen sexa. Salia que o problema é, neste momento, para que todos se fagan unha idea da magnitude do problema, aparte dos 11 coches que hai distribuídos polo Concello e pedindo que se retiren, hai un pago de 3.343 € durante o ano 2022 polo depósito de dous coches, e iso vai a seguir estando aí.

Sinala o sr. alcalde que son conscientes de que é unha situación problemática, que lle deron moitas voltas a unha localización, engadindo que o di para que o resto de compañeiros se vaian familiarizando co tema, pois non pode ser nun punto illado, porque hai unha responsabilidade municipal sobre eses coches neses 2 meses que están aí. Explica que non se pode facer no punto limpo, porque se sabe que están entrando continuamente e hai coches que poden ter un valor e basta que se desguacen para que o propietario o reclame, engadindo que pode ser en terreo rústico, pero non nunha nave que estea en terreo rústico. Salia o sr. alcalde que se trata dun problema que non ten fácil solución, e o goberno que veña será quen teña que solucionaralo. Explica que, de momento, non se vai facer aí, xa se abriron as cancelas e vaise a humanizar minimamente e os gastos que estaban previstos de axardinamento e cerre, dedicáranse a algún elemento que permita unha relación social máis proveitosa naquel entorno.

A sra. Lemus manifesta que chama a atención o dos dous meses que comenta o sr. alcalde, pois se non se engana, hai coches que levan na nave de PC varios anos, entende que o que se está pagando doutros coches era polo convenio que se fixeran con Trameve e que se levaran a unha nave destinada para iso e polo menos neste ano non se tramitou esa baixa deses vehículos, entón non ía ser por dous meses en ningún momento porque esas tramitacións eran máis longas e non se estaban facendo nin en un nin en dous, co cal a posibilidade de que houbera coches abandonados na casa común de Lucí durante varios anos era bastante, por non dicir totalmente, probable.

Considera a sra. Lemus que o modelo é claro. Di que ela tamén escoitou o de rústico, que lle chamou a atención, porque é o que sempre se están a queixar as Administracións, que os residuos rematen en rústico cando deberían de acabar en solos industriais. Sinala que é preciso unha mellora da tramitación interna a fin de dar baixa a eses vehículos, e se é necesario máis medios poñelos, entendendo en todo caso o da sobrecarga administrativa do Concello. Considera que se pon o de “vehículos abandonados” sabendo que non ían a estar dous meses, e o sr. alcalde é consciente porque leva moitos anos no concello. Sinala que no medio dun núcleo, nun solo urbano, nun espazo socio-comunitario, como mínimo chama a atención, sen necesidade de que haxa unha oposición veciñal, e considera que o modelo escollido, como mínimo, chirría. Tamén lle chama a atención ese momento que tiveron entre que fixeron a obra, que foi en outubro, e que máis ou menos en xaneiro apareceu algún coche aparcado pero esa zona, non ía ser para aparcamento municipal, e de repente apareceu o entroido e apareceu algún coche de obras alí aparcado, ata ese momento estaba completamente baleiro, e acondicionado por un valor de 10.000 €.

Sinala a sra. Lemus que o sr. alcalde sempre lle di que vai a gobernar ata o último momento e ela pensa que é totalmente lexítimo, e non vai dicir que sexan ilexítimos, como outros din dende Madrid, pois non o cree ademais, pero o que si cree é que deben de ter un pouco máis de medida en canto a este tipo de accións. Primeiro porque claramente é unha medida que non é necesario que veña a veciñanza para que calquera perciba que non é o normal. Sinala que se eles pediron en outubro esa confirmación por escrito, porque lles chamaba a atención que un goberno municipal decidise colocar coches abandonados aí, que non ían a estar dous meses. E despois por outro lado hai un gasto de 10.000 euros que agora mesmo vai haber que reformar, como mínimo, e que van a ser 10.000 euros que se perderon nunha parcela que estaba perfectamente axardinada previamente e na que se lle quitara o peche cando se fixera a senda hai un ano e pico, e se decidira remodelar esa zona, porque o muro estaba mal, e se decidira abrir pensando nunha zona máis de esparcemento. Agora hai un peche, aínda que estean as cancelas abertas, nunha zona que está preparada para un aparcamento, porque ademais é unha obra de aparcamento igual que a de Pontevea e

chama a atención que houbera tanta presa en facer iso e en cambio, por exemplo, se estea pendente do de Cacheiras.

A sra. Lemus di que agradecería que sabendo que teñen que gobernar ata maio ou ata xuño, que polo menos este tipo de decisións que as reformulen unha vez máis nas súas cabeciñas, porque chama a atención que se tivera que ter chegado a este punto.

Considera a sra. Lemus que tamén é verdade que como goberno non se deben de tomar as decisións en base ao que lle di a veciñanza, pero hai que pensar un pouco máis as cousas, ademais que dez vehículos abandonados ou outros tantos, non tiña ningún sentido colocalos no medio dun núcleo en solo urbano. Chama a atención porque primeiro non sería posible que ningunha empresa privada fixera iso e se pedira a licenza non se lle daría, non sería posible, polo que agradecería que o Concello tampouco fixera este tipo de obras sen ningún tipo de sentido nin estético nin de outro estilo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a sra. Diéguez di que ten unha moción similar e que vai a opinar cando teña que expoñer a mesma.

Intervén a sra. Calvo e sinala que eles non din que sexa unha problemática fácil, e tampouco din que non haxa un depósito para eses vehículos. Simplemente din que non era o lugar apropiado. Tampouco din que gobernen en base ao que digan os veciños, pero que con eles hai que ter unha relación fluída para evitar determinadas cousas.

O sr. alcalde sinala que posto que a sra. Lemus dixo que tiñan que gobernar ata o final el vaise a empeñar en demostrarlle que ían a ser dous meses e entón vai a intentar sacar neste tempo que queda eses vehículos que levan en Trameve non sabe canto tempo e polos que se están pagando eses cartos.

Sinala o sr. alcalde que están moi ben as críticas, porén é unha lástima que non se lle escapara a ninguén algunha alternativa.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

**PRIMEIRO.-** Amosar o rexeitamento ante a posible instalación dun depósito municipal de vehículos abandonados na Casa común de Lucí.

**SEGUNDO.-** Instar ao Goberno Municipal ao destino da parcela da Casa Común de Lucí ao uso socio-cultural, de conformidade co PXOM de Teo, para o desfrute da veciñanza da zona, e escoitando as súas propostas de mellora e acondicionamento.

**10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG, DE OPOSICIÓN Á INSTALACIÓN DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE COCHES NA CONTORNA DA CASA COMÚN DE LUCÍ, E REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ESPARCIMENTO.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 15 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 763, de 17/02/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de febreiro de 2022.

#### **“Moción BNG coches abandonados**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do *Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais*, presenta a seguinte moción:

**Oposición á instalación dun depósito municipal de coches na contorna da Casa Común de Lucí, e realización dun proxecto de esparcemento na mesma.**

#### **Exposición de motivos**



A finais do mes de xaneiro e principios de febreiro, o BNG de Teo tivo coñecemento pola veciñanza de Lucí, e polas obras realizadas xunto a Casa Común desa parroquia, de que se estaba instalando un depósito de coches nesa ubicación.

Dado que non se facilitara información aos Grupos municipais sobre esa actuación, e ante a inqueda da veciñanza, a portavoz do BNG, Patricia Castelao, solicitou aclaracións ao Alcalde, confirmándolle este que o uso desa parcela sería para vehículos municipais e para a recollidas dos coches abandonados do concello. Ao mesmo tempo veciños da parroquia solicitaron información ao Concello, informandoselles que estaba prevista a instalación dun estacionamento de coches municipais no lugar sinalado.

A alarma suscitada pola posibilidade da instalación dun depósito de coches nunha parcela xunto á Casa Común da parroquia levou aos veciños e veciñas a convocar unha reunión onde as persoas presentes manifestaron o seu rexeitamento á instalación dun depósito temporal ou definitivo de coches, ou mesmo a un estacionamento municipal.

Desde o BNG estamos moi preocupados pola falta de información previa aos veciños e veciñas por parte do Goberno Municipal. Opoñémonos frontalmente á utilización da parcela como depósito de coches e consideramos que o uso apropiado para a mesma é o de zona de esparcemento da veciñanza e actividades relacionadas coa Casa Común.

Por isto, o grupo municipal do BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal de Teo adopte os seguintes

### **Acordos**

- 1. Rexeitar a instalación dun depósito municipal (temporal ou definitivo) ou dun estacionamento de vehículos na contorna da Casa Común de Lucí.**
- 2. Instar ao Goberno Municipal a redactar e executar un proxecto de humanización e esparcemento na contorna da Casa Común de Lucí”.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez sinala que, como dicía a sra. Lemus, ao BNG tamén lles chegou a información non directamente polo concello, pois tiveron coñecemento pola veciñanza, que é normal que estea inquieta, algo que comprenden perfectamente. Explica que ela foi veciña da Ramallosa e se neste momento estivera aquí tamén estaría aí loitando contra este despropósito.

Sinala a sra. Diéguez que se lle solicitou ao alcalde información e confirmou o que acaba de dicir, que estaba en marcha crear un lugar para deixar os coches abandonados.

Manifesta a sra. Diéguez que o seu grupo se reuniu coa veciñanza, e explicóuselles que o BNG estaba preocupado por este tema e que se opoñían frontalmente á utilización da parcela como depósito de coches e que o uso era inapropiado, e que ese lugar está no centro da Ramallosa. Que non estea ao lado do concello non significa que non estea no centro da Ramallosa, pois está cerca das piscinas, da gardería, nun sitio moi visible, pois vese dende a estrada, rodeado de casas.

Salienta a sra. Diéguez que tanto a ela coma ao BNG parécelles de sentido común que ese sitio non pode ser dedicado a iso, pois non é un sitio apartado, senón que está no medio dunha poboación.

Di a sra. Diéguez que, con respecto ao que dixo o sr. alcalde de que a idea non foi do sr. Igrexas, se non foi del admíralle máis, porque ela nalgún momento nos que compartira goberno co que hoxe é alcalde, e entón non era, soñaba para Teo, e lémbrese moito, con converter a Teo nunha especie de verxel, poñer xardineiras nas beirarrúas, facer un concello totalmente transformado e que fose referente, e ó final non é así. A sra. Diéguez salienta que lle doe moito esa situación porque nalgún momento se soñou outro tipo de Concello e este modelo non é o que o BNG quere e ademais tamén no seu momento falouse moito de darlle voz á veciñanza, escoitala, facer

orxamentos participativos, íase ir polas parroquias escoitar á veciñanza e tantas cousas, e ao final acábase así.

A sra. Diéguez amosa a súa decepción e sinala que o proxecto do BNG non é este, insistindo en que foi unha pena que se tirase ese diñeiro que ao mellor estaba ben para seguir alugando ese sitio onde se almacenaban vehículos.

Sinala a sra. Diéguez que tamén lle chama moito a atención que de repente entrase a présa por solucionar o problema dos vehículos abandonados, porque os hai por todas as esquinas, e que esa presa a teñan que pagar os veciños de Lucí cando durante todo o mandato non se fixo nada non é de recibo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a sra. Lemus non fai uso da súa quenda.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que está totalmente de acordo e lle cede a palabra á concelleira so deu grupo, D. Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo á moción e á veciñanza. Dirixíndose ao sr. alcalde, dille que están encantados de ser propositivos, pero que non lles preguntou, e se o tivera feito terían axudado, pero non se quixo, polo tanto limítanse a fiscalizar, e o goberno a gobernar.

O sr alcalde, dirixíndose á sra. Diéguez, dille que en todo caso espera que tampouco sexa o modelo do BNG o dos coches abandonados, porque se por riba di que hai unha chea deles espera que o solucionen.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

**1.- Rexeitar a instalación dun depósito municipal (temporal ou definitivo) ou dun estacionamento de vehículos na contorna da Casa Común de Lucí.**

**2.- Instar ao Goberno Municipal a redactar e executar un proxecto de humanización e esparcemento na contorna da Casa Común de Lucí.**

**11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DAS RUTAS ESCOLARES EN TEO POR PARTE DA XUNTA E DE MONBÚS.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Mayte Argibay da Silva.

A sra. Argibay da conta da moción do seu grupo de 7 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 202399900000488, de 07/02/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 23 de febreiro de 2023.

**“MOCIÓN SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DAS RUTAS ESCOLARES EN TEO POR PARTE DA XUNTA E DE MONBUS**

Como é ben coñecido, practicamente tódalas semanas deste curso escolar producíronse incidencias nas diversas liñas de transporte escolar que recorren o noso Concello, incidencias que lembremos se comunican diariamente dende os centros escolares á Xunta de Galicia.

Xa estamos no segundo semestre do curso, e a estas alturas, seguen a producirse DIARIAMENTE incidencias no transporte escolar dos centros do noso Concello.

Esta situación resulta preocupante e está a causar gran indignación e inseguridade nos pais e nais do alumnado que nunca saben se o bus escolar vai a pasar con retraso,

ou se tan sequera vai pasa: así, na última semana déronse varias ocasións nas que o bus escolar NON PASOU a recoller aos nenos e nenas.

O último caso que se nos comunicou foi o pasado día 6 nunha liña do CEIP de Calo. Nestes casos son as nais e os pais os que se teñen que encargar de acercar aos nenos e nenas aos centros escolares, o que provoca, por exemplo, problemas graves na asistencia aos postos de traballo e outros problemas de conciliación.

Semella que os incidentes que se producen están provocados polo feito de que non hai autobuses suficientes para facer tódalas rutas obxecto do contrato, e por este motivo, uns días o autobús acude a unhas paradas nun concello e outros días deixa estas paradas sen servizo para acudir ás que deixara os días anteriores.

Esta falta de autobuses incumpre claramente o contrato en vigor no que se establece un incremento do número mínimo e imprescindible esixido de vehículos, cun 10% adicional dos vehículos de reserva necesarios para cubrir calquera tipo de incidencia ou imprevisto que poida impedir utilización dos vehículos mínimos asignados ao contrato (cláusula 4.2.d) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na contratación do servizo de realización de rutas de transporte escolar a 424 centros de ensino público da Comunidade Autónoma de Galicia por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación urxente, mediante 57 lotes, (expte. 1a/2021/te)).

Debido á extrema gravidade desta situación que está afectando ao dereito fundamental á educación dos nosos nenos e nenas, e ante a cal a Xunta de Galicia está a facer oídos xordos, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo, solicita o seguinte:

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar da Concellería de Educación a inmediata e urxente convocatoria do Consello Escolar Municipal, para que ditamine sobre o conflito do transporte escolar, co fin de presentar dito ditame ante as autoridades competentes.

SEGUNDO.- Reclamar da Consellería de Educación e do Presidente da Xunta de Galicia, a solución urxente a este conflito, e que se tomen as medidas oportunas co fin de que á empresa Monbus cumpla co establecido no contrato das rutas do transporte escolar en Galicia, sen máis dilacións nin escusas”.

A sra. Argibay di que vai a dar lectura a uns parágrafos do Regulamento do Consello escolar municipal do Concello de Teo, asignado en outubro de 2008 polo goberno de Martiño Noriega, nos termos seguintes: *O marco constitucional recoñece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito estatal, e este valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso. Teo quere ser un concello educador en todos os sentidos, que viva a Educación coma un referente básico para a formación da conciencia cívica. O Consello escolar municipal é polo tanto un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal. Deberá de ser consultado pola administración educativa e polo concello en todas aquelas cuestións relacionadas co Ensino non universitario no ámbito municipal e en calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do concello lle sexa consultado”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, anuncia o voto a favor do seu grupo. Sinala que por suposto non teñen nada en contra de que se reúna o Consello escolar municipal, e dito sexa de paso aproveita para presumir un pouco, sinalando que foi ela a persoa que puxo en marcha o primeiro Consello escolar municipal. Doutra banda o de reclamar á Consellería que se cumpra cos contratos que teñen parécelle lóxico e obvio, pois non se pode consentir que os rapaces do IES non saben a que hora lles vai chegar o autobús, se van ter transporte ou non, e estar todos os días con esa incerteza.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez anuncia o apoio do seu grupo. Explica que é un tema lamentablemente recorrente ao logo de toda a lexislatura, pois convén recordar que xusto á metade da lexislatura aproximadamente se renovaron contratos de parte dos centros educativos do concello e naquel momento pensa que foi unha boa oportunidade para os centros educativos trasladar as demandas previas que había, que eran unhas cantas, e reaxustar os contratos en base a estas demandas. Sinala o sr. Sánchez que eses contratos reaxustáronse, por exemplo no caso do IES, e isto permitiu unha mellora grazas fundamentalmente ao tesón das directivas dos centros educativos e das ANPAS dos mesmos. Explica que o paso máis importante que se pode dar nestes casos é que a Administración encaixe as demandas da veciñanza e nese sentido foi todo ben, o problema é que MONBÚS evidentemente non cumpre. Sinala que puntualmente se lamentou que non houbera certo devezos por parte da Administración municipal en intentar facer cando menos un ademán de axudar a solucionar o problema, porén considera que ese non debe de ser o foco no que se debe de poñer a atención.

Reitera o sr. Sánchez o apoio do seu grupo á moción, porque se ten que ser máis esixente con MONBÚS, pero sobre todo porque o que pide esta moción de cara á Xunta é o que eles veñen facendo non en mocións, non con titulares, senón de facto a través de reunións coas directivas de centros educativos, coas ANPAS, e coa propia Xunta, non hai semanas, nin meses, senón anos.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. López, que sinala que tamén van votar a favor da proposta, aclarando que ela diferenciaría como dúas partes, por un lado os atrasos de MONBÚS, que son notorios e evidentes, e que todas as familias, teñan ou non teñan crianzas escolarizadas en Teo, son conscientes de que incluso na liña que non é de bus, na regular, MONBÚS non cumpre o contrato.

Di a sra. López que ve ben convocar ao Consello Escolar Municipal, como órgano de representación, pero pensa que non poderá ser nin inminente nin urxentemente porque os Consellos municipais teñen uns tempos que hai que respectar, hai unha convocatoria e hai que nomear unha serie de persoas. A sra. López sinala que

ademais, segundo o recollida no Regulamento, os membros teñen que cambiar cada dous anos.

A sra. López di que neste caso a Secretaria pode comentar algo porque precisamente se estaba traballando con ela este tema.

Interveño eu, secretaria municipal, para aclarar que efectivamente o mandato coincide co mandato corporativo, aínda que hai unha renovación cada dous anos. Aclara que, máis alá desa cuestión meramente formal que pon no regulamento, o problema que se detectou á mañá é que dunha forma fáctica a persoa que habitualmente leva a Secretaría do Consello Escolar xa tiña constancia de que moitas das persoas que tradicionalmente formaban parte do mesmo agora mesmo xa non estaban nos postos para o que tiñan a representación, o cal obrigaba, como ben apunta a concelleira, a facer uns novos nomeamentos, o cal é unha cuestión de tempos, sendo materialmente imposible convocala de xeito inmediato porque se descoñecen os mesmos. Sinalo que creo que o último celebrado foi no 2021, cando aínda estaba a sra. Argibay, e os membros daquel momento hai moitos que xa consta que non teñen os cargos en virtude dos cales formaban parte do Consello.

A sra. Argibay di que animaría a que o tramitaran o antes posible porque lle parece un órgano de consulta moi importante sobre todo co complicado que está o tema educacional neste momento, pois hai problemas nos comedores, no transporte e en moitos máis ámbitos. Entón, se fan falta uns prazos e demais, que da conta que si, porque no seu momento xa lles contou moito completar o Consello escolar municipal por un montón de cousas, que non tarden moito en facelo porque seguramente faga falta convocalo.

A sra. López que sinala que isto efectivamente está en marcha, xa se puxo en marcha cando foi o momento das Comisións, pero se ben é certo que queren, a nivel práctico, canalizar unha protesta polo tema do incumprimento de MONBÚS, que a ela si lle parece moi grave, paralelamente a formalizar o Consello Escolar Municipal, que saben



que non vai ser para a semana que vén nin para a seguinte, pois quizais se debería de facer outra proposta, non sabe se por exemplo unha reunión informal das ANPAS. Di a sra. López que tampouco é consciente de que agora sexa o momento de maior queixa ou polo menos que lle transmitan a ela as ANPAS, porque é certo que a principio de curso foi gravísimo, sobre todo no IES, pero non está de máis, incluso os usuarios da liña regular, porque esas queixas si que lle chegan a ela directamente, e ata pensou en parar un bus, que o leva dicindo toda a semana e non se lle ocorre outra idea porque realmente é desesperante.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

**PRIMEIRO.- Solicitar da Concellería de Educación a inmediata e urxente convocatoria do Consello Escolar Municipal, para que ditamine sobre o conflito do transporte escolar, co fin de presentar dito ditame ante as autoridades competentes.**

**SEGUNDO.- Reclamar da Consellería de Educación e do Presidente da Xunta de Galicia, a solución urxente a este conflito, e que se tomen as medidas oportunas co fin de que á empresa Monbus cumpla co establecido no contrato das rutas do transporte escolar en Galicia, sen máis dilacións nin escusas.**

**12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE O IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALIZA.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 15 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 764, de 17/02/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 23 de febreiro de 2023.

**“Moción do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza**

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

**Exposición de motivos:**

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista-- é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha

resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

Para o concello de Teo promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción dos seguintes ACORDOS:**

1.A Corporación do Concello de Teo mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2.A Corporación Municipal do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar

administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo. Pensa que sempre estiveron a favor, e o PP dende as institucións tamén estivo sempre a favor de defender o tema da muller, de sempre ir cara adiante. Como sempre din non hai que pararse e calquera mellora vai a ser importante e necesaria, e quería aproveitar a intervención para preguntar cales van a ser as actividades ou as accións que o Concello vai a facer para conmemorar ese día.

A sra. López agradécelle ao BNG que traía esta proposta porque é certo que o 8M é un día para repensar e volver a replantexarse o feminismo, e neste sentido o Concello ten accións directas a través do CIM, que conta cunha psicóloga-directora e cunha avogada, e logo como tamén plantexa a moción hai outras accións indirectas de conciliación, repensar con ollada feminista practicamente todas as actividades que facemos e por iso tamén se suman ao 8M, que o ven como un día de celebración, con varias actividades.

Sinala a sra. López que todos coñecen que hai unha caravana porque actuará como CIM itinerante e entón sacarase pola rúa, haberá dúas accións pola mañá na Ramallosa, nas inmediacións do Concello e pola tarde aproveitase que Campos de Mirabel é a zona que aglutina a maior poboación infantil do Concello e hai así tamén como un punto de información pero máis volcado con actividades para familias. O venres haberá unha actividade para adultos, un monólogo, na Ramallosa, e o sábado haberá unha actividade organizada por unha asociación feminista de Teo na que tamén colabora o Concello.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

**1. A Corporación do Concello de Teo mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.**

**2. Corporación Municipal do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a:**

**1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.**

**2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.**

**3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero**

**4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.**

**5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.**

### **13.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto décimo cuarto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que ten pouca cousa, pois son conscientes de que nos meses que quedan non van ser capaces de facer todos os mandatos, rogos e todo o que terían. Considera que unha cousa que pensan que si se pode facer nestes meses que quedan é taponar as fochancas. Explica que nos Tilos hai variedade por toda a urbanización, especialmente por onde está o Gadis, engadindo que por onde pasan os autobuses parece ser que se estraga máis a estrada. Sinala que hai unha pequena fochanca na rotonda dos Verxeis, vindo de Ribas, e que é unha pena que estes días que andan coa estrada non lle boten alí algo, aínda que xa sabe que son cousas distintas.

2.- Di a sra. Diéguez que xa sabe que non lle corresponde ao Concello, pero xa noutro momento se fixo un rogo para que se lle transmita a quen corresponde, que neste caso sería a Xunta, que na estrada que vai por onda o centro de saúde de Reis, esas beiravías que puxeron, sempre deixan que crezan as silvas e os toxos. Sinala que o ano pasado fixérase unha petición e ao pouco limparon.

3.- Refírese a sra. Diéguez ao tema da iluminación e di que antes falouse de que agora se gastaba menos porque había luces de baixo consumo, que as luces das farolas que consumían menos, pero ela quería preguntar por que non se regula mellor ou se poñen uns horarios de acendido, pois nalgún sitio están alumeando toda a noite focos. Sinala que lle comentaron dun que se puxo detrás do centro médico de Cacheiras, que parece ser que da unha luz inmensa e que está toda a noite alumeando e a veciñanza empeza a estar un pouco molesta. Di a sra. Diéguez que descoñece se hai unha razón para que estea ese foco aí.

O sr Igrexas sinala que ese foco foi solicitado precisamente polos veciños, hai un ano e pico ou dous, porque hai unha zona de sombra que está dirixido para máis adiante, entón oriéntase para aí. Sinala que a luminaria que había pasáballe algo que non sabía o que era pero quedaba moi escuro.

O sr. alcalde sinala que despois, cando se meteron os módulos, sacáronse as farolas vellas que había, que ocupan o lugar dos módulos, entón púxose provisionalmente ese foco dirixido en concreto cara esa zona, para substituír as anteriores. Di que, en todo caso, mirarase se hai algunha forma para regulalo.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Argibay sinala que no día de onte houbo Consello escolar no CEIP dos Tilos e pedíronlle que lembrara que hai un compromiso por parte da concelleira de reencher os areiros, que case topan coas pedras os rapaces, e hai unha parte de cristais, lle

dixeron literalmente “*algúns polas suciedade non permiten ver o exterior, por favor que se limpen*”.

2.- A sra. Lemus di que o outro día estiveron mirando a obra da Ramallosa e estiveron falando coa veciñanza, e pregunta se se vai facer algunha obra máis nesta zona nestes meses.

O sr Igrexas di que sabe un pouco o que faloron porque lle chamaron a el onte para plantexar unhas cuestións que lles falaran ao PSOE. Sinala que xa lle explicou ao presidente da comunidade no seu día, que foi en agosto, que se achegou ao concello a falar e a pedir que se talaran esas árbores porque estaba habendo un problema de filtracións ou había eses indicios. Explicóuselle nese momento a esa persoa e á secretaria da comunidade, como representantes de todos os veciños, porque realmente a comunidade represéntaos a todos, nin sequera é unha asociación, senón que é unha asociación de propietarios, que non se ía a proceder a facer unha reurbanización desa zona de xeito inmediato basicamente porque con fondos propios é difícil, incluso se falou de distintas opcións pero a medio prazo e eles solicitaron que se talaran esas árbores polos problemas que daban.

Di o sr. Igrexas que é certo que ademais xa se levaba barallando e que algúns deles incluso manifestaron que xa llo comunicaran á sra Lemus no seu día, que as pólas invadían xa as zonas privadas entón polo código civil se piden que se saquen hai que facelo, aparte non pode haber árbores a metro e medio doutras propiedades e esas estaban a menos desa distancia, é dicir, que había unha serie de circunstancias. Falouse co xefe de parques e xardíns a ver o que opinaba e el dicía que polo ritmo de crecemento dalgunhas desas árbores intuíase que podían estar metendo raíces por canalizacións e entón con todo iso o presidente da comunidade e a secretaria acabaron pedindo que se talaran as árbores. Explicóuselles que en principio non ía a haber unha actuación de reurbanización e o cambio de poder plantar árbores a unhas distancias prudenciais das vivendas, etc, iso conleva unha reurbanización empezando porque árbores nunha urbanización que non teñan límite por abaixo acaban creando problemas nas canalizacións.



Di o sr. Igrexas que se lles explicou iso e o que está pendente é ver como se tapa o burato, que tecnicamente tampouco é moi fácil porque nos tocóns non se pode traballar con maquinaria e a solución que dan os técnicos é facelo directamente a man con machada, limpar, escarvar, e haberá que ver, basicamente porque son un risco para os viandantes e evidentemente hai que eliminalo ou minimizalo ao máximo. Sinala que, de todos os xeitos, hai un mes que se cortaron e estase vendo aínda exactamente que se pode facer para evitar ese risco. Reitera que é a obra que se vai a facer.

O sr. alcalde di que en todo caso, por se vai por aí a pregunta, eles solicitaran que de paso que se cortaban as árbores se se podía meter unha pala por toda a urbanización de arriba ata abaixo porque necesitaban impermeabilizar os garaxes. Díxoselle que esa era unha actuación particular, que o Concello non podía destrozar o pavimento e repoñelo e demais para que eles puideran facer iso, que se lles darían todas as facilidades pero que esa obra non se ía executar.

Di o sr. alcalde que si que é certo que no ámbito da reurbanización que é a posible obra, o concello tiña unha idea clara pero parece ser que non acada o consenso dentro da urbanización, que era cortar a rúa, é dicir, deixando dúas zonas de aparcamento nas entradas e facendo unha zona interior entre arriba e abaixo onde se puideran poñer árbores separadas das vivendas e demais. A algúns gustoulles moito pero parece ser que o plantexaron nunha reunión e non saíu. Entón tamén se está pendente doutro tipo de obras en función da resolución que tome a Comunidade con respecto ás propostas.

A sra. Lemus sinala que independentemente da reurbanización, que coida que vai quedar para o seguinte mandato, non está a falar diso, pero é certo que os tocóns son perigosos pero as beiravías están en moi mal estado, hai un mes que se fixo a tala pero é un perigo para un viandante.

A sra Lemus di que agora ademais pónselle un obstáculo máis, que é que non só está iso levantado, senón restos de pólas que quedaron, despois os tocóns bastante

levantados, entón vaise aumentando o nivel de perigo e diso é do que se queixan os veciños, que son quen viven alí.

A sra. Lemus di que, independentemente da reurbanización, que cada quen terá a súa idea de como se pode facer e cada un formule un modelo para que a veciñanza decida, agradecerían que se executara canto antes este arranxo de tocóns e da retirada dos adoquíns en mal estado.

3.- Sobre o aparcamento de Cacheiras, pregunta a sra Lemus se hai algunha información máis.

A sra López di que o aparcadoiro de Cacheiras nada ten que ver co de Lucí, pensa que non estivo ben esa comparativa de antes porque o espazo de Lucí é público, se o Concello tivera un espazo coma ese en Cacheiras estaría resolto o problema hai moito tempo.

Explica que o espazo de Cacheiras é un espazo que hai que alugar. Cando o Concello aluga un espazo ten que abrir un expediente, que é un proceso administrativo que require de varios informes, agora xa hai informes feitos, mañá ábrese o expediente porque xa hai un decreto, logo virá urbanismo e finalmente concretarase porque entende que a dificultade ademais está o depósito da fianza no IVS, porque non é unha factura que se pase e dentro de tantos anos se devolva. Sinala que non pode dicir prazos porque os descoñece e non dependen integramente dela, pero estase facendo todo o que se pode para axilizalo.

A sra. Lemus pregunta se xa se pediu o permiso a Augas. A sra López di que o ten que pedir o promotor, que será o Concello, e non van pedir o permiso dunha finca que aínda non teñen alugada. Os pasos son, primeiro conseguir o alugueiro, que iso está pechado, depende do trámite administrativo, e cando o Concello faga o contrato coa persoa, de seguido farase a petición a Augas.

4.- A sra. Lemus sinala que fixeran un rogo por escrito sobre Cesar, sobre as acondicionamento dos viarios.

5.- Di a sra. Lemus que sobre o contrato do lixo, ou municipalización do lixo, segundo a vertente, no último Pleno, antes do Pleno o sr alcalde entregou unha memoria feita por unha empresa, un informe, e quedouse de que se informaría. Di a sra. Lemus que non sabe se como están negociando entre os dous, e se non están negociando, tal como di o sr. alcalde, que conte el como está o tema.

O sr. alcalde sinala que negocian con quen faga falta, pero o que pasa é que a sra. Lemus non quería sumarse á negociación, pero está aberta a negociación para que se sume. Sinala que, en todo caso, se convocará unha xunta de portavoces para a semana seguinte.

#### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr Sánchez di que esta semana xurdiron de súpeto uns novos badéns, non sabe exactamente se van ser tres ou catro, na rúa de Seoane, que une Recesende con Cacheiras.

Sinala que o chamaron porque lle dixeron que non estaban sinalizados, pasou 2 días despois por alí e xa estaban sinalizados e agora hai unha sinalización que parece que fai intuír un novo badén pero non sabe finalmente que vai ser. Pregunta quen mandou poñer alí eses badéns e a que é debido e baixo que demandas.

O sr. Igrexas di que a demanda parte dos veciños desa zona xa que, como ben saben os concelleiros, esa zona non ten transporte escolar, ademais os nenos van andando ao instituto e o grupo de pais desa zona solicitaron uns badéns para limitar a velocidade á que se transita por esa vía. Explica que unha das sinalizacións está equivocada, xa que son tres badéns, non catro, o que pasa é que a puxo primeiro a sinalización vertical, logo os badéns e logo pintáronos pero a sinalización vertical pensa

que xa estaba antes de poñelos. Salienta que o motivo é ese, tal como dixo, frear a velocidade dos vehículos desa zona que ademais é camiño escolar.

O sr. Sánchez pregunta se se fixo algunha análise técnica previa que xustificara que se puxeran tres badéns nun espazo inferior a 500 metros.

O sr Igrexas sinala que si. Di que hai unha curva entón mirouse que era como ir freando en determinados momentos de aceleración.

O sr Sánchez sinala que el comparte, por suposto, calquera demanda que faga a veciñanza.

O sr. Igrexas di que dita petición consta por escrito.

O sr. Sánchez di que esa era a pregunta, que o comparte se é un tema tan sensible coma ese, pero tamén hai que ter en consideración todo o que se arrastra co tema dos badéns, que cando se coloca un habería que pensar tamén primeiro en calquera outra alternativa se é posible e sobre todo se hai informes técnicos sobre isto.

O sr Igrexas di que para poñer un badén non se solicita informe técnico, consúltaselles, que é unha cousa distinta, emiten un parecer e transmítese. Considera o sr. Igrexas que o dos badéns é simpatiquísimo, hai demandas semanais de badéns, todo o mundo quere badéns diante da súa casa pero non os quere por onde transita. O que si é certo é que hai determinadas zonas que son máis sensibles, por exemplo esa, xa que hai moi pouca visibilidade, non hai arcén e é unha zona necesaria para pasar, ao tratarse dunha ruta obrigatoria.

2.- O sr Guerra di que en Cesar, Calo, quéixanse do pavimento das pistas, e piden un espello no cruce, porque parece que non hai visibilidade.

3.- O sr. Guerra sinala que na pista de Mouromorto, á Área Recreativa, pola que se pregunta reiteradamente polo pavimento, piden tamén algún punto de luz ata a estrada xeral.

4.- Sinala o sr. Guerra que na pista de Malfurado non piden unha autoestrada nin aglomerado en quente, pero se é posible que se bachee.

O sr. Igrexas di que o que pediron foi un asfaltado.

5.- O sr. Guerra di que no proxecto estrela ese das sendas polo medio das carreteiras que van a Bamonde rebasando a ponte que separa de Oza, á man esquerda, houbo un socavón, un derrube, foron cortar a acera coa intención de repoñer ese cemento, supón, hai 2 meses, e nin sinalizaron nin volveron. Sinala que é chegando á taberna, ao pasar a casa do cura.

6.- O sr. Guerra di que a casa seguinte á casa Común de Lucí prometéronlle reparar o muro que lle está caendo e non foron.

7.- O sr. Guerra di que na mesma senda, na pista que entra para Tribaldes, abriuse o asfalto para pasar un tubo e non repuxeron o asfalto. O sr. Guerra pide que polo menos se sinalice.

8.- Di o sr. Guerra que escoita *ruxe ruxes* estes días polas luces esas amarelas, outro proxecto estrela, 3.000.000 euros nas luminarias, que estivo moi ben, e dixera a sra. Lemus que esas luces amarelas tiñan un prazo de caducidade, porque estaban sometidos a unha subvención, pero pasaron 4 anos e as luces amarelas seguen aí, non se sabe cando se cambiaran. Pregunta o sr. Guerra que cando se cambian.

O sr. alcalde sinala que ese cambio de luminarias que quedan hai que metelo nun proxecto porque non son catro luminarias, aínda son bastantes, e é necesario reducir custes. Sinala que tamén, para que se vexa, o que dicía o sr. Sánchez antes de que sempre hai que facerlle caso aos veciños, ninguén sabe o que houbo que escoitar

polas luces brancas, houbo un momento, di, no que as luces brancas se estaban poñendo para sacar as amarelas seica, polo que toda a visión veciñal hai que tamizala, loxicamente escoitala pero tamén ten ida e volta.

O sr. Guerra di que el lembra que daquela preguntara e respondéraselle amablemente por parte da sra. Lemus que xa estaban as luminarias, que tiñan un prazo e inmediatamente pasado o prazo íanse substituír. A sra Lemus anda agora preguntando, por iso pregunta el, para que se lle diga se pasou o prazo.

9.- A sra. Vázquez di que quería saber que está pasando coa limpeza dos locais comúns, porque concretamente con ela puxéronse en contacto unhas usuarias do grupo de ximnasia, que seica o seu propio profesor meteu por rexistro a demanda do tema da limpeza, porque xa en varias ocasións e en varios locais ten que el primeiro limpar a aula para poder dar a clase de ximnasia coa correspondente perda de tempo para a clase.

As señoras din que xa saben que é gratis pero por iso media hora non é moito, pensa que teñen razón e dereito a usala, porque precisamente se é unha actividade que se promove dende o Concello teñen todo o dereito a usar o horario completo. A sra. Vázquez di que non sabe se é problema precisamente de que non se supervise o tema de limpeza, se non chegan as persoas que teñen que limpar ou o tempo que teñen que dedicarlle ou se é cuestión tamén das actividades que hai antes ou despois e que a xente non é cívica sabendo que o van usar outros.

O sr. alcalde di que a verdade é que poden contestar aínda que o da limpeza nese caso é un expediente X, xa que se da unha cousa moi curiosa. Quen está facendo a limpeza desas casas é a mesma xente que facía a limpeza o ano pasado, exactamente as mesmas persoas, as mesmas horas e todo. Sempre hai queixas puntuais por algunha cousa, engadindo que di que é un expediente X porque non saben que é o que está impulsando esas queixas. Tanto é así que hai tanta queixa que ata se queixan polo local da Mámoa de Luou, que non é municipal nin nada, polo que aí pasa algo

raro. Non sabe se alguén ten vocación de limpeza a maiores e se quere facer o mártir pero é certo que igual para o que se pretende facer non está tan limpo, os balóns ó botar é certo que poden levantar po e demais, hai que plantexarse as actividades que hai pero en principio o que si quere dicir é que tanto o persoal de limpeza que está facendo a limpeza era o mesmo do ano pasado, e nunca houbo tantas queixas.

Sinala o sr. alcalde que si que é certo que, por exemplo, no local da Torre o outro día, non saben que pasou porque houbo unha festa non autorizada, pensa que poido ser un aniversario, sen ter coñecemento o Concello diso, e quedaron restos de filloas e demais, polo que se está investigando a ver a que se debeu esa situación. Salienta que se o Concello non ten coñecemento dunha actividade dificilmente pode programar limpeza. Pero máis alá de casos puntuais que poidan acontecer aí, é un misterio que se está intentando resolver, e pensa que o van facer.

10.- A sra. Castro comenta que dentro das instalacións do campo de fútbol de Calo, nunha das zonas das porterías, as columnas están desfeitas, os restos están no chan, pero os ferros están ao aire. Pregunta se se podía poñerlle unha protección e retirar os cachos tirados.

O sr. Igrexas di que esas columnas se están desfacendo e pediuse un orzamento, foron a velo os técnicos e concretaron que non hai perigo de derrube, que era o perigo máis inmediato que se temía, porque as columnas non están aguantando do muro, están fóra. Non saben moi ben para que se puxeron, pero hai que proceder, e está urbanismo buscando orzamentos porque sobre todo é unha cuestión técnica, mirándose se desmontalas primeiro ou facer outras, pero si que se está niso.

A sra. Castro pregunta se non é posible mentres poñerlles unha protección.

O sr. Igrexas pregunta cal sería, respostando a sra. Castro que algo acolchado.

O sr. Igrexas di que as pedras, non son pedras, senón anacos do muro que cada vez que recibe un balonazo despréndense, e se no momento en que reciben un balonazo non o quita ninguén, evidentemente está alí, pero o persoal de limpeza retíraos. Con respecto a protección sinala que non se lle pode poñer unha protección extra alí agora porque sería facer unha barreira anterior, en todo caso habería que falar en principio coa Federación se o autoriza.

O sr. Igrexas di que alí o que caeu foi cemento, unha caída contra o cemento que está á mesma distancia, non se aproximou, o ferro non é máis perigoso ca o cemento. Sinala que el foi alí cos técnicos de urbanismo e non lle encontran ningún risco a maiores.

A sra. Castro di que terá que ir ela con eles.

O sr. Igrexas dille que poden quedar esta semana e van a velo con eles e fálano.

O sr. alcalde di que en todo caso mirarán máis a situación, que se pode mirar de propoñer algún acolchamento ou así, e que se estudará a situación.

11.- A sra. Castro di que no Pleno anterior comunicou o da fochanca da beiravía da zona de Calo e volve a reincidir neste arranxo porque segue tendo o cono. Díxoselle que o palé de losetas xa estaba para colocar, pero a un de marzo aínda segue así.

O sr. Igrexas di que a cuadrilla de obras ten bastante traballo, que está dentro do seu listado de cousas, pero é a xente que hai, de feito el pensou que estaría feito xa, pero teñen a capacidade que teñen, e estaban poñendo proteccións nas columnas de ferro da gardería esta semana, porque se desprenderon as outras, e esas si que a inspección obrigou a poñelas.

12.- A sra. Castro di que os veciños de Catro Camiños preguntan como está o tema da fibra nesa zona.



O sr. alcalde di que na mesma situación que estaba. A empresa tivo que solicitar o permiso a Estradas para a instalación do cable soterrado que estaba obturado e tardaron un montón. Calcula, polo que lle din, que en maio ou así estaría solucionado o tema ese pero segue sen ser unha cuestión do Concello. Non se fixo o contrato ese aquí, o concello non ten capacidade de presión sobre as empresas, o único que se pode facer é intentar motivalas, intentar enterarse de cal é a situación pero niso se está, e realmente é a zona máis grave que queda do Concello e débese a ese feito, a obturación que hai.

O sr. alcalde explica que, teoricamente, cando eles facían os cálculos para pasar a fibra e cumprir o prazo era a finais deste ano, xa coa prórroga COVID e demais. No verán pasado practicamente cando se puxeron a facelo os cables non pasaban e non había forma de liberar esas canalizacións para facer o pase, entón o problema é que tiveron que pedir permiso a Estradas da Xunta, iso demorouse sobre catro meses e entón así se está. Teñen que facer a canalización de novo e, unha vez que a fagan teoricamente así que cheguen e fagan ese empalme todo o resto xa está distribuído e xa vai estar en funcionamento.

13.- A sra. Calvo di que o sr. alcalde o 14 de xullo na orde do día do Pleno, que retirou, levaba a proposta de alcaldía “Plan de medidas antifraude no Concello de Teo, no marco de plan de recuperación, transformación e resiliencia para a xestión dos fondos europeos”. Quería saber como estaba ese tema, porque non volveron saber nada.

Tanto o sr. alcalde como a sra. López din que se levou ao seguinte Pleno. A sra Calvo pregunta se está aprobado, respondendo o sr. alcalde que en xullo, e que se está coa posta en marcha con todo o derivado dese plan. Explica que está constituído todo, e estase comezando a contratación das derivadas desa subvención, das que requiren ese plan, que son as de rehabilitación.

A sra. Calvo di que o sr. alcalde tiña problemas para reconstituír o que era a comisión en si, por iso pregunta.

O sr. alcalde di que esa non está constituída formalmente pero si que no plan que se aprobou xa aparece a composición.

14.- A sra. Calvo di que na rúa Castiñeiriño, como dicía a compañeira do BNG, xa non é que estea con fochancas, é que é practicamente afundida, habería que asfaltala.

15.- A sra. Calvo di que lle preguntan cando se vai arranxar, nos Tilos, o que xa solicitou a asociación, os destrozos que fixo o camiión da poda no chan do parque, porque parece ser que caeron tres persoas alí e que está un pouco perigoso.

O sr. alcalde pregunta se é na rampla, a sra. Calvo confirma que si.

16.- Di a sra. Calvo que nos Tilos tamén queren saber cando se van retirar os restos da poda, que se lles dixo que en tres días, e seguen alí.

O sr. Igrexas di que os restos da poda hai que tratalos como residuos e aínda o técnico o outro día dixo que estaba negociando coa empresa para que viñeran a buscalos. Non é unha cuestión de que se poidan levar a algún lado por parte do Concello, hai que levalos a unha empresa que os xestionen, e é moito volume, xa que non son catro pólas.

Con respecto ao chan, sinala o sr. Igrexa que hai que facer un proxecto de obra e non é só o tema dos camiións. Na praza estase afundindo e alí non houbo camiións. Hai unha zona que hai que levantala e aí é máis perigoso incluso que na outra porque non se ve, e logo na zona que sube, na oposta a onde se cortaron, están as pedras totalmente levantadas, entón hai que ver un pouco de xeito máis xeral que se fai aí, porque o risco está nesas tres partes.

17.- Di a sra. Calvo que o monolito do bus que se colocou na aceira do colexio, que está totalmente destrozado, habería que retiralo.

18.- A sra. Calvo di que a porta do parque dos cans ten mal colocado o pestillo, pois non pecha. Sinala que, en todo caso, o máis preocupante é o que se falaba antes, e a parte aquela, e se o concelleiro Igrexas está dicindo que hai que facer un proxecto vale, pero pregunta se non se pode colocar algunha cousa para que a xente non resbale.

O sr. Igrexas explica que as mesmas raíces das árbores levantaron as pedras, e leva anos así ademais, váiselle facer outra entrada ao parque porque a que tiña era intransitable, de feito a xente atravesaba cos carriños a herba para non ter que ir por aí porque está en costa e totalmente levantada, entón iso hai que facer algo, pódense poñer uns conos, pero o problema non é só de tres pedras, é un anaco grande.

A sra. Calvo di que xa o sabe, pero que non porque sexa pequeno ou grande se vai deixar.

O sr. Igrexas di que si, pero que se fora un arranxo de tres días alí da brigada de obras estaba feito, pero que é algo máis complexo, e que hai un bo socavón debaixo da cuberta.

19.- A sra. Rosende di que lle chamaron os veciños da estrada que vai cara o campo de fútbol en Cacheiras, que parece ser que xa hai moito tempo que as máquinas de andar por alí romperon unha tubería, cando arranxaron a estrada. Parece que coma esa tubería foi filtrando auga xa sae para arriba da estrada, que está un pouco fundida. O propietario di que el non vai a levantar a estrada sen un permiso escrito porque igual se mete nun problema, entón, quería saber os pasos que ten que seguir, engadindo que non vale dicir “faino”, como lle dixeron en varias ocasión.

O sr. alcalde di que o que ten é que pedir permiso, falar con Urbanismo, para pedir actuación no espazo público e non hai ningún problema, vanlle pedir unha pequena fianza. A sra. Rosende di que se refire a que el non ía a poñerse a romper na estrada, porque seica nun par de ocasións se lle dixo que o fixera.

20.- A sra. Rosende pregunta se xusto para esas dúas casas se non hai posibilidade de facer chegar o alcantarillado, pois teñen por un lado pero xusto esas dúas casas están sen eles.

O sr. alcalde di que non lle da nivel para ningún dos dous lados, ese é o problema grave que hai aí. É unha zona moi plana, non hai tampouco moita posibilidade, porque ás veces cando ocorre así, prolongando un pouco máis unha tubería paralela chégase a unha zona que dea cota e pode facerse, pero aquí non hai esa posibilidade, sería unha obra enorme para dúas casas.

21.- Di a sra. Rosende que nese mesmo sitio andiveron medindo por alí, e pregunta se se vai facer algo nesa zona, tanto na estrada como dentro das fincas.

O sr. alcalde di que por agora non hai nada presentado, pero si que saben, non sabe se se refire á zona máis de detrás do Pórtico.

A sra. Rosende di que non, que ó lateral desas dúas casas.

Di o sr. alcalde que se podería ver afectado por algún desenvolvemento urbanístico que estea en mente dalgúns promotores particulares.

A sra. Rosende di que escoitaron dicir que ían poñer alí un Mercadona, respondendo o sr. alcalde que non é certo.

Di o sr. alcalde que houbo algunhas consultas por parte dalgún promotor particular para o desenvolvemento dalgunha zona urbanizable tanto aí como na zona dos Tilos, entón entende que para iso están medindo, pero sen saber exactamente a zona tampouco pode confirmalo.

22.- A sra. Rosende di que comentou de varios espellos que estaban caídos e veu que se repararon, pero xusto o das Cruces, que non ía colocado en base senón nunha farola, nun poste, non se ve nada polas casas que están moi metidas na estrada, cando se vén do IES.

O sr. Igrexas pídlle que lle mande un correo co nome da persoa ou o número que ten a casa máis cerca, porque seguramente á hora de indicalo houbo un erro.

A sra. Rosende di que pode ser iso, porque veu que os demais están colocados e ese non, e é moi necesario.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz

## **ANEXO I**

### **FACTURAS DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO INCLUÍDO NO PUNTO 7 DA ORDE DO DÍA**

## ANEXO

Nº de Factura	Importe	Nome da empresa	Programa	Economica
PI22142000282890	424,65	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000283115	482,23	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
FE22321389735600	600,64	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321389735603	2.800,69	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321391170369	454,66	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
PI22142000294399	159,13	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000294402	1.946,38	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000337348	444,23	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000341875	4.207,50	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000346432	4.759,52	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000347707	9.637,05	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000347708	14.379,14	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000343163	1.228,17	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
FE22321389183977	6.121,60	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321389173983	4.663,17	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321386531481	5.738,27	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321386669369	2.737,03	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321386157950	133,45	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321385902267	40,93	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321386885794	2.998,83	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321386885791	619,46	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
PI22142000378468	1.323,51	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000378456	16.080,96	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000378458	10.264,33	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000378492	3.494,75	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000378457	4.949,40	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000423844	4.559,96	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000423854	7.875,56	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000423873	12.621,45	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
FE22321389183958	407,00	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321392056849	134,99	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321389173980	6.232,83	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321392056832	55,25	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321392056850	3.059,55	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321391904529	1.679,90	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321389183916	2.750,69	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321392686323	8.116,12	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321392188154	1.616,66	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321389183903	97,16	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
FE22321392686324	41,55	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	160	22100
PI22142000442519	3.241,70	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000442496	4.453,71	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000445606	3.237,54	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000445607	917,19	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000464426	3.078,92	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000464420	9.879,88	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000464457	2.852,64	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000464460	6.084,58	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000464435	1.351,92	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000464445	3.440,18	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000471189	2.909,32	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000488053	1.582,16	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000487835	1.179,39	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000513604	8.434,29	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100

PI22142000513616	5.045,78	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000513615	2.258,39	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000513630	3.750,98	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000513623	1.422,57	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	160	22100
PI22142000313216	29.527,36	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
PI22142000354687	98.562,41	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
PI22142000356171	16.843,08	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
FE22321389922402	20.755,98	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	161	22100
FE22321389735646	4.314,00	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	161	22100
PI22142000378455	18.530,64	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
PI22142000389410	106.360,26	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
FE22321399528505	10.141,97	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	161	22100
PI22142000423847	12.101,74	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
PI22142000423862	71.459,76	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
FE22321398776805	13.499,32	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	161	22100
PI22142000464425	7.393,12	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
PI22142000472080	51.133,95	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
PI22142000513606	36.192,98	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
PI22142000513614	6.219,22	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	161	22100
FE22137012818957	25,61	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012820748	13,63	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012834785	5,43	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012836387	109,43	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012850289	8,44	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012851422	68,40	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012855077	7,22	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012857972	93,29	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012920781	21,80	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012943060	16,63	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137012944188	170,49	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013106272	32,25	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013106452	77,32	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013106375	54,00	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013106354	24,51	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013106415	74,37	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013107229	25,11	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013108111	109,56	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013108141	68,00	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013108695	63,37	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013109395	43,00	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013109303	39,37	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110221	104,16	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110219	287,97	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110331	90,46	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110368	207,43	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110423	65,11	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110836	16,20	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110840	319,72	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110779	127,53	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013110785	49,78	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013111236	75,69	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013111991	38,52	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013112180	37,32	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013112116	23,42	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013113000	204,67	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013113009	36,06	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013112935	75,12	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013113230	41,05	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013113225	99,66	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100



FE22137013113626	82,86	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013113879	403,05	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013114200	44,30	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014217486	38,23	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014220875	30,80	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013114823	93,25	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013114830	64,42	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013114832	100,30	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013115028	62,82	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013115055	84,36	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013115051	39,09	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014397579	17,44	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013115526	79,28	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013115694	89,13	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014504770	7,69	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014505933	25,04	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014505942	47,31	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013115752	22,76	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013115717	80,43	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014525438	64,11	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014532059	129,81	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014530852	177,29	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013116066	67,29	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014540498	16,01	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014537960	61,48	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014547219	40,81	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014590722	96,14	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014592782	38,17	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014595130	37,99	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014601125	112,72	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014670199	63,83	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014665028	179,04	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014666483	10,71	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137014672418	145,09	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013116908	164,05	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013116934	226,37	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013116991	95,70	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117046	66,01	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117048	44,89	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117332	34,77	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013118483	31,52	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117778	24,78	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117771	58,65	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117769	40,39	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117764	58,40	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013117847	35,05	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013118866	31,25	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013118865	297,42	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
FE22137013118926	208,02	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	165	22100
